

## **NORMAS DE USO DOS DNS**

UniversidadeVigo

Vigo  
24 de Febreiro de 2.010

UniversidadeVigo

## Información do documento

Nome do documento:	Normas de uso dos DNS		
Autor:	Area TIC	Versión:	1.0

## Control de versións

Versión	Data de versión	Descrición
1.0	24/02/2010	Versión inicial

## ÍNDICE

1. O Servizo .....	4
1.1. Altas, baixas e modificacións de nomes no DNS.....	4

## 1. O Servizo

Estas normas regulan a ordenación de nomes e as regras ás que está suxeita a inclusión de nomes baixo o dominio **uvigo.es** e os seus subdominios.

O servizo de nomes da Universidade de Vigo permite asociar enderezos IP no rango de enderezos asignados á Universidade de Vigo con nomes de dominio pertencentes ó dominio uvigo.es ou subdominios.

O correcto funcionamento do servizo de nomes é fundamental no funcionamento dos servizos informáticos, facéndose necesario seguir unhas regras á hora de asignar nomes para conseguir este fin.

### 1.1. Altas, baixas e modificacións de nomes no DNS

As altas de nomes no DNS débense solicitar en [comunicaciones@uvigo.es](mailto:comunicaciones@uvigo.es), ou ó responsable do subdominio. No caso de que este subdominio estea xestionado por outras persoas, solicitarase mediante o [Formulario de Solicitud de Entrada no DNS](#).

A inclusión dun nome no DNS do dominio **uvigo.es** está suxeita ás seguintes condicións:

- Que o enderezo IP correspondente a este nome pertenza ó espazo de enderezos reservado pola Universidade de Vigo.
- Que o enderezo IP fose asignado a un usuario/a por parte dos servizos informáticos da Universidade de Vigo e que a persoa de contacto sexa válida para este enderezo IP (sexa a persoa á que se lle asignou a IP ou a persoa encargada da administración da rede á que pertence ese enderezo IP).
- Os nomes deben ser nomes válidos no servizo de nomes DNS, formados polos díxitos do 0 ó 9, as letras do a ó z e o "-" (guión). O primeiro ou último carácter do nome non pode ser "-". Outros caracteres non son válidos, incluíndo caracteres habituais como "\" ou "\_".
- A lonxitude mínima dos nomes debe ser de 3 caracteres, e a máxima de 24 caracteres (aínda que se recomenda que sexan máis curtos).
- A universidade resérvase o dereito de incluír ou non un nome no DNS, de xeito que non se concederán nomes que se consideren incorrectos ou ofensivos, solicitándose ó usuario/a que volva efectuar a solicitude de alta no DNS. Isto afecta por igual a nomes ou a alias.
- A inclusión de rexistros MX limitarase ós servidores de correo autorizados que se rexistrasen mediante o formulario correspondente.

Estas regras son válidas tamén para as modificacións de rexistros no DNS.

En caso de baixas, deberanse cumprir unicamente as dúas primeiras condicións.